

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

**REPASA ESTA INFORMACIÓN.**

As substancias puras son as que están formadas por un único tipo de materia.  
O osíxeno, o ouro, o sal e o azucre son substancias puras.

As mesturas están formadas por diferentes substancias puras. O aire, a auga de mar, os batidos ou o granito son mesturas.


As mesturas poden ser heteroxéneas ou homoxéneas. Nas heteroxéneas, os compoñentes poden distinguirse, pero non ocorre así nas homoxéneas.

**1 Completa as oracións coas palabras do recadro.**

substancia – homoxénea – materia – mestura

- As substancias puras están formadas por un único tipo de \_\_\_\_\_.
- Nunha mestura \_\_\_\_\_ non se distinguen os seus compoñentes.
- O aire é unha \_\_\_\_\_ de varios gases.
- O azucre é unha \_\_\_\_\_ pura.

**2 Une correctamente.**



substancia pura

mestura homoxénea

mestura heteroxénea



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

1º Mira o vídeo: [https://www.youtube.com/watch?time\\_continue=240&v=2FPaXer7AN0&feature=emb\\_logo](https://www.youtube.com/watch?time_continue=240&v=2FPaXer7AN0&feature=emb_logo)

**REPASA ESTA INFORMACIÓN.**

Os compoñentes dunha mestura heteroxénea poden separarse mediante filtración ou decantación. **A filtración consiste en empregar un filtro, un coador para separalos.**

A decantación úsase para separar líquidos entre si e líquidos de sólidos.




Os compoñentes dunha mestura homoxénea pódense separar mediante evaporación e destilación. **A destilación usa de maneira consecutiva a evaporación e a condensación.**

A evaporación serve para separar sólidos de líquidos.

2º Para saber como se fai unha decantación mira o vídeo:

[https://www.youtube.com/watch?time\\_continue=144&v=RvCIAKVCEAs&feature=emb\\_logo](https://www.youtube.com/watch?time_continue=144&v=RvCIAKVCEAs&feature=emb_logo)

**1** Escribe debaixo que método de separación se está empregando.



\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**2** Contesta as preguntas.

- Que método usarías para separar o arroz dunha sopa?

\_\_\_\_\_

- Que método se usa nas salinas para obter o sal da auga do mar?

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

- Que método habería que utilizar para obter tamén a auga?

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

## Analizamos a flotabilidade dos obxectos

ENVIAR

### Que é a flotabilidade?

Como xa sabes, a flotabilidade dun obxecto é a capacidade dun corpo para manterse nun líquido sen afundirse nel. Este fenómeno prodúcese cando o líquido é máis denso que o obxecto. Non obstante, se a densidade do obxecto supera a densidade do líquido, o obxecto afúndese.

Existen outros factores que inflúen sobre esta flotabilidade, como a forma ou a porosidade, pero por agora, só estudaremos a densidade.

### Que vas necesitar?

- Auga
- Sal
- Ovo
- Papel de aluminio
- Un parafuso ou clip
- Recipiente

### Comeza a experimentar

Imos analizar como cambia a flotabilidade dun obxecto se modificamos a composición do líquido no que se somerxe. Para iso, enchemos un recipiente con auga e colocamos un ovo no interior. Que sucede, o ovo somérxese ou mantense a flote?

A continuación imos engadirlle sal á auga, de maneira que se modificará a súa composición e con iso, a súa densidade. Que sucederá co ovo?

Como podedes observar, ao engadirlle sal á auga o ovo flota. Isto débese a que a densidade da auga aumenta e, polo tanto, a densidade do ovo pasa a ser menor ca a da auga.



### Conclusións

Inflúe a densidade na flotabilidade dun obxecto? Como inflúe?

.....

.....

Que propiedade da auga modificamos ao engadirlle sal? Como lle afecta isto á flotabilidade?

.....

.....

